



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2025/G010/000008

NÚMERO 2025/8

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO , O DÍA mércores 30 de xullo de 2025

Srs./ Sras. Asistentes:

Sra. Alcaldesa-Presidenta:

Dona Sandra Insua Rial (PSOE)

Sres. Concelleiros:

Dona Encarnación Liñeiro Pouso (PSOE)

Don Sergio Caamaño Fernández (PSOE)

Don Germán Camiño Mouzo (PSOE)

Dona Rosa Ana Barbeira Fandiño (PSOE)

Dona Begoña Tajés Méndez (PSOE)

Don Fabián Canosa Pasantes (PSOE)

Don Jesús Romar Canosa (PSOE)

Dona Paula Mouzo Mas (PP)

Don Manuel Mejuto Rios (PP)

Don Juan Carlos Sambade Amado (PP)

Don Xurxo M. Rodríguez Baña (BNG)

Ausente:

Dona Marta M^a Mouzo Pose (PP)

Secretaria acumulada:

Rocío Hermida Cancela

Interventora Municipal:

D^a Emilia García Maneiro

Na casa do Concello de Camariñas, sendo as 19:00 horas do **mércores 30 de xullo de 2025** en primeira convocatoria e baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa Dona Sandra Insua Rial, reúnen-se os Sres./Sras. Concelleiros/as relacionados, todos eles membros do Pleno, con fin de celebrar sesión Ordinaria, asistidos da secretaria da sesión Rocío Hermida Cancela, de acordo co seguinte:

ORDE DO DIA

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación, ope legis, das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:

a) Borrador da acta da sesión ordinaria realizada o 28 de maio de 2025. Expediente N^o 2025/G010/000007.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS

2. PROPOSTA ALCALDÍA: DETERMINACIÓN DE DOUS DÍAS DE FESTA DE CARÁCTER RETRIBUÍDO E NON RECUPERABLE NO TERMO MUNICIPAL DE CAMARIÑAS PARA O ANO 2026. EXPEDIENTE N^o: 2025/U029/000013.

3. PROPOSTA DA ALCALDÍA ASUNTO: ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2025/G010/000008

ADICIONAL 2/2025 (2º FASE DO POS+ADICIONAL 2 /2025). EXPEDIENTE Nº: 2025/A008/000035.

B) PARTE DE NON RESOLUTIVA, DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

4. Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento:

Da núm. 386/2025 do 21 de maio de 2025 á núm. 577/2025 do 21 de xullo de 2025.

5. Mocións de urxencia.

MOCIÓN DO BNG EN DEFENSA DA IGUALDADE E CONTRA A LGTBFobia (NRE 202599900000651 de data 18 de xuño de 2025.

6. .Rogos e preguntas.

Procédese a tratar os asuntos:

1. Aprobación, ope legis, das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:

a) Borrador da acta da sesión ordinaria realizada o 28 de maio de 2025. Expediente Nº 2025/G010/000007.

Ningún dos concelleiros ten observacións e procédese á votación da mesma, co seguinte resultado:

Votos a favor: 12

1 GRUPO MIXTO - BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Unanimidade.

Estado: Aprobada

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS

2. PROPOSTA ALCALDÍA: DETERMINACIÓN DE DOUS DÍAS DE FESTA DE CARÁCTER RETRIBUÍDO E NON RECUPERABLE NO TERMO MUNICIPAL DE CAMARIÑAS PARA O ANO 2026. EXPEDIENTE Nº: 2025/U029/000013.

Considerando o seguinte:

“DITAME

Co seguinte desglose de votacións:

Votos a favor: 5

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2025/G010/000008

1 GRUPO MIXTO - BNG
4 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR
Votos en contra: 0
0 GRUPO MIXTO - BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR
Abstencións: 2
0 GRUPO MIXTO - BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
2 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do día 23 de xullo de 2025 acordou a emisión do seguinte ditame:

Proposta alcaldía relativa á determinación de dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no termo municipal de camariñas para o ano 2026. EXPEDIENTE Nº: 2025/U029/000013.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: DETERMINACIÓN DE DOUS DÍAS DE FESTA DE CARÁCTER RETRIBUÍDO E NON RECUPERABLE NO TERMO MUNICIPAL DE CAMARIÑAS PARA O ANO 2026.

EXPEDIENTE Nº: 2025/U029/000013

Considerando o escrito con NRE (202590000000580) de data 26 de xuño de 2025, remitido a esta Administración polo Xefe de servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social (Consellería de Emprego, Comercio e Emigración Departamento Territorial), que literalmente indica:

“Asunto: Calendario laboral ano 2026

En cumprimento das instrucións recibidas da Subdirección Xeral de Relacións Laborais, comunícolle que para o calendario laboral do ano 2026 en canto ás festas laborais na Comunidade Autónoma de Galicia, se prevén as seguintes:

San Xosé 19 de marzo

San Xoán 24 de xuño

Día Nacional de Galicia 25 de xullo

Así mesmo, deberán terse en contas as festas de ámbito estatal que para o ano 2026 se prevén que sexan as seguintes:

Aninovo 1 de xaneiro xoves, Epifanía do Señor (Día de Reis) 6 de xaneiro martes, Xoves Santo 2 de abril xoves, Venres Santo 3 de abril venres, Festa do Traballo 1 de maio venres, Asunción da Virxe 15 de agosto, sábado Festa Nacional de España 12 de outubro, luns Inmaculada Concepción 8 de decembro, martes Natividade do Señor 25 de decembro, venres.

Co obxecto de determinar os dous días de cada ano natural que nese concello teñen carácter de festas locais por tradición propia, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos traballadores e o 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo, e ditar a correspondente resolución, solicítolle que envíe a proposta do pleno ou do órgano competente, na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable dese termo municipal para o vindeiro ano 2026, que deberá remitir a este departamento territorial antes do día 1 de setembro de 2025.

Advírtese que, para o caso de non formular proposta ou non remitila antes da dita data, entenderase que optan polas fixadas para o ano 2025 ou para o último exercicio do que se teña

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinhas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2025/G010/000008

constancia de proposta.

No momento de determinar os dous días para as festas locais por parte dese concello deberá terse especial coidado para os efectos de evitar erros, sobre todo respecto daquelas festas que teñan carácter fixo e periódico, pero variable cada ano a súa data de celebración (exemplo: Entroido).

Ademais, lémbrese que deberán ser aprobados polo órgano competente do concello. Así mesmo, advírtese que non se admitirá ningunha corrección de erros posterior ós 15 días naturais seguintes á publicación da resolución pola que se determinan as festas laborais de ámbito local correspondentes a tódolos concellos da provincia da Coruña."

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO O PLENO DA CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Determinar como datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no termo municipal de Camariñas, para o ano 2026:

XOVES, 23 DE ABRIL DE 2026: SAN XURXO
XOVES, 16 DE XULLO DE 2026: VIRXE DO CARME.

SEGUNDO.- Remitir o acordo a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (Departamento Territorial) antes do día 1 de setembro de 2025, os efectos oportunos.

En CEE, na data da firma dixital.

A alcaldesa: Sandra Insua Rial.

[Documento asinado electronicamente]"

Camariñas, na data da sinatura dixital

A Secretaria:

ROCÍO HERMIDA CANCELA."

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa da conta da proposta, visto que San Xoan é festivo autonómico poñemos estos.

Sr Rodríguez di que se debe valorar o de San Bartolo, una das festas de mais arraigo do concello.

Sra Mouzo Mas di que seguimos tendo a mesma opinión, escoitar as asociacións e oposición deste Concello.

Sra alcaldesa: Puntualizar que un ano é San Pedro, Espírito Santo, San Blas, Santa Ana e decidimos case sempre San Xoan e San Jorge, polo absentismo escolar, di que deberíamos exixir os colexios que cando San Jorge non sexa festivo como teñen que coller dous días de libre disposición que colleron este ano o 10 de febreiro, igual habería que tomar un acordo que debido o absentismo escolar ese 23 ou 24 de abril, cando non teñan motivo claro que elixan un deses dous días penso que sería bo trasladalo os colexios, traereino como moción, instar que tomen ese acordo antes dun festivo calquera que non veña a caso.

-----VOTACIÓNS-----

Non habendo mais intervencións sométese á votación co seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 12

1 GRUPO MIXTO - BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinhas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2025/G010/000008

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Unanimidade dos asistentes á sesión.

Estado da Proposta: Aprobada.

3. PROPOSTA DA ALCALDÍA ASUNTO: ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2025 (2º FASE DO POS+ADICIONAL 2 /2025). EXPEDIENTE Nº: 2025/A008/000035.

Considerando o seguinte:

“DITAME

Co seguinte desglose de votacións:

Votos a favor: 4

0 GRUPO MIXTO - BNG

4 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 3

1 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

2 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do día 23 de xullo de 2025 acordou a emisión do seguinte ditame:

Aprobación/Participación na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2025” da Deputación Provincial da Coruña.

PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2025 (2º FASE DO POS+ADICIONAL 2 /2025).

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2025/G010/000008

EXPEDIENTE Nº: 2025/A008/000035.

Considerando a Circular remitida a esta Administración pola Deputación provincial da Coruña relativa o POS ADICIONAL 2/2025, **PROPOÑO o PLENO DA CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- “Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 2/2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

➤ **A) Financiamento de gastos correntes: (Só cando proceda)**

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2025, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2025 base ou POS+Adicional 3/2025	0,00

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025:

Investimentos financeiramente sostibles novos NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastece m. auga potable)	Total concello	
“Plan Milleira”. Fase 1 para a humanización e acondicionamento da Rúa Sofía Rivas de Camariñas	51.229,55	0,00	0,00	0,00	51.229,55
TOTAL	51.229,55	0,00	0,00	0,00	51.229,55

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2025 2ª FASE	Deputación	Concello			
		Concello	IVE soportado deducible	Total concello	Orzamento Total
Gastos correntes do 2025 distintos dos solicitados no Plan Base (Só cando proceda)					
Investimentos novos non incluídos no Plan	51.229,55	0,00	0,00	0,00	51.229,55

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2025/G010/000008

Complementario ao POS+ 2025					
TOTAL	51.229,55	0,00	0,00	0,00	51.229,55

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Asinado dixitalmente o marxe.

Alcaldesa Concello de Camariñas.

Sandra Insua Rial."

Camariñas, na data da sinatura dixital

A Secretaria:

ROCÍO HERMIDA CANCELA."

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa era unha obra non prevista no pleno do pos, estamos tendo sancións de Augas de Galicia elaboramos un plan que se chama Milleira neste caso o arrego de Sofía Rivas logo seguiremos con Rúa da Fonte, Rúa Milleira...

Sra Mouzo Mas di si as outras dúas fases sabedes si tedes proxecto

Sra alcaldesa di que iran no pos 2026

Sr Rodríguez di que se planifiquen as obras que teñades un plan mas amplo de mais visión, non teño nada que obxectar.

-----VOTACIÓNS-----

Non habendo mais intervencións sométese á votación co seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 12

1 GRUPO MIXTO - BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinhas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2025/G010/000008

0 GRUPO MIXTO - BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: unanimidade dos presentes na sesión.
Estado da Proposta: Aprobada.

B) PARTE DE NON RESOLUTIVA, DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

4. Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento:

Da núm. 386/2025 do 21 de maio de 2025 á núm. 577/2025 do 21 de xullo de 2025.

Quedan enterados/as.

5. Mocións de urxencia.

MOCIÓN DO BNG EN DEFENSA DA IGUALDADE E CONTRA A LGTBFobia (NRE 202599900000651 de data 18 de xuño de 2025.

Sométese á votación a ratificación da urxencia e resulta aprobada por unanimidade.

Sr Rodríguez procede a lectura da moción:

MOCIÓN.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O día 28 de xuño conmemórase internacionalmente o día do Orgullo LGBT en lembranza das revolta de Stonewall acontecida en New York no ano 1969. Máis de medio século despois, foron dándose múltiples conquistas de dereitos básicos para as persoas LGBT grazas a unha loita colectiva infatigábel.

Porén, a pesar dos avances, segue a haber moito camiño por percorrer para acabar coa discriminación e a violencia que padecen as persoas LGBT ao redor do mundo, como tamén na propia Galiza. A LGTfbia existe aínda no noso país e conta con boa saúde en certos sectores, polo que se fai preciso continuar desenvolvendo ferramentas eficaces para o seu combate. Neste senso, cómpre lembrar o asasinato de Samuel Luíz na Coruña hai só 4 anos no contexto dunha agresión homófoba.

Os delitos de odio de carácter LGTfbico son os segundos máis denunciados segundo o Ministerio do Interior, só superados polos de carácter racista e xenófobo. Segundo esta mesma fonte, no estado español foron 522 os delitos destas características durante o ano 2023, incrementándose a respecto do ano anterior.

Mais é preciso sinalar que a respecto das agresións LGTfbicas, existe unha importante taxa de infradenuncia, pois máis dun 80% das agresións sufridas - algúns estudos sinalan cifras superiores ao 90% - non chegan a denunciarse nunca, polo que as cifras coas que actualmente

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2025/G010/000008

contamos non deixan de ser a punta dun alarmante iceberg.

O informe “Análise, datos e recomendacións para o recoñecemento da diversidade en Galiza”, elaborado no 2023 polo Foro de Identidades e Disidencias Sexuais no seo do Consello da Cultura Galega advirte sobre a situación das persoas LGBT actualmente. Neste senso, resultan preocupantes os datos obtidos en varias áreas, sendo graves os do ámbito da educación, salientando que o 88% das entidades e colectivos LGBT galegos non considera que os centros educativos do noso País sexan espazos seguros para as persoas LGBT. Non é o único estudo que alerta sobre esta situación sobre os centros de ensino galegos, pois no pasado ano, un estudo desenvolvido por Agareso volveu a poñer o foco sobre esta temática, recoñecendo que, se ben a diversidade LGBT é unha realidade cada vez máis visible nas aulas, aínda son moitas as persoas que non poden expresarse libremente sobre a súa orientación sexual ou identidade de xénero por medo ás ameazas, ao trato diferencial ou ao acoso, unha vez que os centros educativos non son espazos seguros. En base ás enquisas realizadas, os datos amosaron que o 81% do alumnado LGBT sufriu algunha agresión e o 69% do profesorado presenciou algunha vez agresións contra poboación LGBT.

O marco lexislativo existente na Galiza é claramente exíguo, ademais de que aínda non está completamente desenvolvido a pesar de superarmos xa a década desde a aprobación da Lei 2/2014 Pola igualdade de trato e a non discriminación das persoas LGBT. As decisións adoptadas por parte do Partido Popular na Xunta de Galiza provocan que, por exemplo, aínda non exista ningunha lexislación específica que recolla os dereitos das persoas trans ou que non se teñan desenvolvido medidas concretas en materia educativa para fomentar a diversidade e combater a LGBTfobia.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG do concello de Camariñas presenta para a súa aprobación polo pleno da corporación esta moción, propoñendo a adopcións dos seguintes ACORDOS:

1. O Pleno Municipal reafirma o seu compromiso cos dereitos de todas as persoas independentemente da súa orientación e/ou identidade de xénero e condena os discursos de odio espallados por movementos reaccionarios, polo que todas as forzas representadas no mesmo asumen o acordo de traballar activamente para evitar a discriminación non asumindo posicións LGBTfóbicas nin establecendo acordos e alianzas con forzas políticas e colectivos que os apoien.
2. Instar ao goberno municipal a:
 - a. Visibilizar este compromiso coa exhibición da bandeira do Orgullo LGBT na Casa do Concello e edificios municipais con motivo da celebración do Día do Orgullo LGTB
 - b. Promover políticas municipais que garantan a igualdade e a visibilidade do colectivo LGBT.
3. Dirixirse á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado para reclamar a ampliación de dereitos e a aplicación de medidas efectivas contra o odio, a discriminación e todas as formas de violencia.
4. Instar aos gobernos da Xunta de Galiza e do estado a ampliar os dereitos recoñecidos na lexislación actual e desenvolver e aplicar políticas activas contra o odio e a discriminación, con medidas claras para a protección dos colectivos que poidan ser albo destas violencias e con iniciativas para combater non só a LGBTfobia e a transfobia, senón tamén o machismo, racismo, xenofobia ou calquera outra forma de violencia.”

-----INTERVENCIONS-----

Sr Rodríguez di que fora da moción agradece que puxeran as bandeiras, que en relación o punto 2 se está a facer.

Sra alcaldesa dique vamos condenar sempre os discursos de odio dese colectivo e calquera outro, o compromiso a favor das igualdades reafirmamos a moción completamente

Sra Mouzo Mas di que primeiro lamentar que o bloque en vez de buscar consenso que se disface nunha moción aparentemente lóxico para atacar a Xunta de Galicia, podíamos pedir que o goberno dea marcha atrás no recorte de 2.3 millón de euros en materia de igualdade, Galicia é pioneira nunha lei propia neste ámbito aumentou un 17% nos fondos de igualdade e non se

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2025/G010/000008

pode meter no mesmo saco co goberno central que esta recortando, a xunta está colaborando a través do observatorio LGBTIQ+ e implantando medidas de sensibilización e formación é honesto eliminar esas alusións o PP e Xunta e non mezclar co Psoe e buscar consenso con todos tampouco entendo no punto 1: Nin establecendo acordos e alianzas.....eu non vexo a necesidade desta frase, un grupo que ten acordos contigo e o que representa e defende xa o sabemos que me fale aquí de acordos, pediría que se eliminase esa frase e as referencia o PP na parte expositiva.

Sr Rodríguez di: me estás atacando directamente.

Sra Mouzo Mas: Eu estou no dereito a defender as miñas ideas, estou proponendo a miña postura e tamén que se inclúa un apartado que pedimos o goberno central que atenda a petición de comunidades como Galicia de habilitar fondos suficientes para estratexia Lgtbi

Sr Rodríguez di que a moción está como está e mais despois do ataque que non ven a conto a nada.

Sr Mejuto di que debería constar:.... establecendo acordos e alianzas , en ese sentido, con forzas políticas e colectivos.

-----VOTACIÓNS-----

Non habendo mais intervencións sométese á votación co seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 12

- 1 GRUPO MIXTO - BNG
- 8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: maioría absoluta.

Estado da Proposta: Aprobada.

6. .Rogos e preguntas.

ROGOS

Sra Mouzo Mas:

En Camelle na fábrica de salazón a calle que sube está en mal condicións.

Queixas na festa do Carme por falta de aseos públicos.

Habilitar baños portátiles nos evento de todas as parroquias e a adquisición dos mesmos.

Deficiencias na zona As Carballas.

Mellorar Braña carreira en Camariñas e en Arou a rúa principal a Serpe.

Parque infantil Ponte do Porte, aceras teñen baches e está en mal estado, hai un aparato roto e

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2025/G010/000008

tamén a barandilla que se move moito.

Mantemento en Area do bote en Camelle

Monte en Santa Mariña houbo unha tala de árbores e un porcentaxe dos cartos é para o Concello, eses cartos revirtirán en mellorar no lugar de Santa Mariña (Sr Caamaño contesta que temos Consorcio coa Xunta que se encarga de todo, o 60 ou 70 % para a Xunta e un 30 ou 40% para o Concello en función da subasta).

Sr Rodríguez:

A quen limpa as praias en Area Vila aparecen agullas diabéticos e non parece que se fai ben. Camelle apila a merda nunha esquina, non se fai o traballo eficientemente.

Praia da Reira aparecen furgonetas que fan paradas de mais tempo que se dea un toque a policía local e garda civil, vacían os líquidos etc

Campo Santo da Igrexa estaba cheo de cagadas que a policía local vaia e vixie os donos.

Na reforma da estrada autonómica rogo que eses 50 metros en Camelle na acera se faga un bado peoníl.

Constrúa a cuberta do parque infantil de Camelle, habilitar o diñeiro onde sexa e instar a Consellería.

PREGUNTAS

Sra Mouzo Mas:

Pregunta en relación coas tablas do paseo marítimo, ides facer unha reparación integral? (Sra alcaldesa contesta que ten presupuesto cando poda son sobre 20.000 euros).

Pregunta sobre a obra mellora no saneamento Ponte do Porto o que a alcaldesa contesta que farán o replanteo a finais de agosto debido a que hai moito turismo rural e para non afectar.

Sr. Rodríguez:

PREGUNTA PRESENTADA POLO REXISTRO DA CORPORACIÓN:

O concello de Camariñas ven de arranxar a traída de auga na Portela en Camelle, feito que entendemos como necesario, mais, logo do arranxo, detectáronse presións de auga moi elevadas na rede de subministro as cales podían producir avarias nas redes de abastecemento particulares. Para iso o concello unilateralmente e sen ningún tipo de comunicación oficial procedeu a incorporar válvulas redutoras de presión nas vivendas afecta das polo aumento excesivo de presión. Ante isto dende o BNG de Camariñas facemos as seguintes preguntas para a súa resposta en pleno.

- Por que non se incorporou unha válvula de redución automática na rede de abastecemento para regular a presión da rede?

O Sr Caamaño contesta: A solución de instalar unha única válvula redutora xeral para toda a zona foi desestimada por razóns puramente técnicas e de eficacia. A orografía da Portela presenta unha pendente moi pronunciada, o que provoca unha diferenza de presión moi significativa entre as vivendas situadas na parte alta e as da parte baixa.

Segundo os informes técnicos dos nosos fontaneiros, a presión na parte superior da rede é de aproximadamente 5 kg/cm², mentres que na parte inferior acada os 9 kg/cm². Unha única válvula redutora sería incapaz de regular esta disparidade de forma efectiva:

- Se se axustase para a presión da zona baixa, as vivendas da parte alta quedarían cunha presión insuficiente para un correcto servizo.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinhas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2025/G010/000008

- Se se axustase para a zona alta, a presión na zona baixa seguiría a ser excesiva, persistindo o risco de avarías nas instalacións particulares.

Polo tanto, a única solución tecnicamente viable para garantir que cada vivenda reciba a presión correcta e segura é a instalación de válvulas redutoras individuais nas acometidas particulares. Esta medida asegura unha regulación precisa e adaptada a cada punto da rede.

- Vai o concello de Camariñas asumir os custes da incorporación da válvula reguladora de presión nas acometidas de cada vivenda?

O Sr Caamaño contesta: A responsabilidade sobre a instalación de elementos para corrixir unha presión excesiva na rede está claramente definida no Regulamento do Servizo Municipal de Subministración de Auga Potable no Municipio de Camariñas. Concretamente, o artigo 28, apartado 1, inciso e), establece que o xestor do servizo poderá denegar unha acometida: "e) Cando a presión no punto de acometida de abastecemento sexa excesiva para un correcto servizo, e non se instalaren, a cargo do cliente, as medidas de redución de presión axeitadas...". Deste precepto normativo despréndese que a obriga de instalar e, por conseguinte, de asumir o custe dos mecanismos de redución de presión recae sobre o titular do contrato ou propietario da vivenda, non sobre o Concello. O Concello non pode asumir un custe que a propia ordenanza municipal atribúe aos particulares.

- No caso de que o concello non asuma esta modificación que custe terá para cada vivenda?

Sr Caamaño contesta: En canto ao custe específico para cada vivenda, dado que a instalación debe ser realizada por fontaneiros particulares contratados por cada veciño/a, o Concello non pode fixar nin coñecer dito importe, xa que se trata dunha transacción privada entre o residente e o profesional elixido.

- Porque o concello de Camariñas non informou en ningún momento de xeito formal da necesidade da modificación e a incorporación desta válvula nas vivendas as veciñas e veciños?

Sr Caamaño contesta: Este goberno non comparte a afirmación de que non houbo información. Conscientes da necesidade de comunicar esta modificación, optouse pola vía máis directa e persoal posible. Os propios fontaneiros municipais desprazáronse casa por casa para falar directamente coas veciñas e veciños afectados.

Nestas visitas, explicouse persoalmente o motivo das obras de mellora, a problemática derivada do aumento de presión e a necesidade de que contactasen cos seus fontaneiros de confianza para instalar as válvulas redutoras. Consideramos que esta comunicación directa é máis efectiva e próxima que unha notificación escrita formal, que podería xerar máis dúbidas ou non ser lida con atención por todos os afectados.

Ademais, cómpre lembrar que as obras de mellora na rede son comunicadas a través das canles habituais do Concello, como as redes sociais, para manter informada á poboación en todo momento sobre os cortes e actuacións programadas.

En resumo, a actuación do Concello de Camariñas estivo en todo momento guiada por criterios de eficacia técnica, polo estrito cumprimento da normativa vixente e por unha vontade de comunicación directa e transparente coa veciñanza.

Pregunta sobre os verquidos fecais no Porte si se vai arranxar o que a alcaldesa contesta que coa obra.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinhas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2025/G010/000008

A pista de fútbol do CEIP, cando se vai empezar o que o Sr Caamaño contesta que cando se teñan as autorizacións sectoriais.

Pregunta sobre os montes de piñeiros que temos en Camariñas están sendo afectados por unha praga, o nematodo, si o Concello vai adoptar algunha medida o que contesta o Sr Caamaño que se pode falar co Distrito.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Alcaldesa levántase a sesión, senda as 19:55 horas de todo o cal, levántase acta por min, que como secretaria da sesión, dou fe e certifico.

Asinado dixitalmente, na data que figura ao marxe, pola Secretaria acumulada do Concello Rocío Hermida Cancela, co visto e praxe da Alcaldesa Sandra Insua Rial

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na

<https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)